



ACTA DO TRIBUNAL ENCARGADO DE XULGAR O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO POR CONCURSO PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022. PRAZA DUN (1) AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

EXPEDIENTE TEDeC: 2022/E001/000016

Acta n.º 1

Constitución do tribunal e valoración de méritos alegados polos/as aspirantes para a fase de concurso

Data da sesión: 31 de maio de 2023

Hora de inicio: 09.08 horas

Hora de finalización: 9.21 horas

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón.

Asistentes:

Dalmiro Núñez Méndez

Adela Lamela Arteaga

María Elena Méndez Buela

María Paz Gutierrez Abella

Nieves González Mujico

1º Constitución do tribunal

Por Decreto da Alcaldía n.º 271/2023, do 16 de maio de 2023 nomeouse o tribunal cualificador encargado de xulgar as probas do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo por concurso para a estabilización de emprego temporal incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022. Praza dun (1) axente de emprego e desenvolvemento local.

Do decreto resulta a seguinte composición (referida aos asistentes):

Presidente:	Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor do concello de Boqueixón
Secretaria:	Adela Lamela Arteaga, persoal de Administración local ó servizo do Concello de Boqueixón.
Vocal 1º:	María Elena Méndez Buela, persoal de Administración local ó servizo do concello de Teo

Vocal 2º:	María Paz Gutierrez Abella, persoal de Administración local ó servizo do concello de Touro.
Vocal 3º:	Nieves González Mujico, persoal de Administración local ó servizo do concello de Touro.

Dada a presenza tanto do presidente coma do secretario, así como os tres vocais titulares, considerase cumprido o requisito regulamentario para a válida constitución e actuación do Tribunal de selección.

Constituído, os seus integrantes declaran que non concorren neles causa de abstención ou recusación que lles impida formar parte do tribunal conforme ao artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou aquelas outras previsións normativas concordante vixentes ao respecto.

2º Valoración de méritos alegados pola aspirante para a fase de concurso

Acto seguido o tribunal procede a valorar os méritos alegados pola aspirante para a fase de concurso (Base sexta. Contido do proceso selectivo, desenvolvemento e cualificación):

ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA

A aspirante presenta o certificado CELGA 4, polo que non é necesario a realización das probas de coñecemento de lingua galega. Por tanto, procederase directamente á fase de concurso.

FASE DE CONCURSO

O concurso de méritos determinarase polo establecido ao respecto tanto nas bases xerais como polo baremo específico de seguido determinado.

A aspirante deberá aportar xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados o autobaremo establecido nesta convocatoria específica Anexo II. Se a aspirante non presenta o autobaremo (anexo II) será cualificada con 0 puntos nesta fase de concurso.

*A puntuación máxima posible no concurso é de **100 puntos**.*

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL ate un máximo de 60 puntos.

As puntuacións de cada apartado do epígrafe de experiencia laboral son independentes e ningún caso poderá acadarse coa suma dos distintos apartados unha puntuación superior ao máximo de 60 puntos establecido.

Servizos prestados como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local ou prazas similares con un contido funcional análogo ao da convocatoria en calquera das distintas categorías.

a.1) Por experiencia profesional en Administracións Públicas Locais como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local: 0,35 puntos por cada mes acreditado.

A2.) Por experiencia profesional en Administracións Públicas Locais en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,20 puntos por cada mes acreditado.

a.3) Por experiencia profesional noutras Administracións Públicas como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local: 0,25 puntos por mes acreditado.

a.4) Por experiencia profesional noutras Administracións Públicas en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,15 puntos por mes acreditado.

a.5) Por experiencia profesional no sector privado como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local: 0,10



puntos por mes acreditado.

a.6) Por experiencia profesional no sector privado en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,05 puntos por mes acreditado.

B) FORMACIÓN ate un máximo de 40 puntos.

b.1) FORMACIÓN UNIVERSITARIA.

Por cada 25 ECT (créditos) en formación de posgraos universitarios relacionados co posto de traballo: 7,5 puntos. (Aos efectos da baremación, sumaranse o total de horas de formación e consideraranse que 1 ECT equivale a 25 horas).

Puntuación máxima a acadar: 15 puntos.

b.2) CURSOS DE FORMACIÓN. *Pola realización de cursos directamente relacionados coas funcións a desenvolver e formación transversal tamén relacionada co posto, sen puntuar neste apartado os cursos de informática posto que teñen un apartado específico.*

Puntuación máxima a acadar: 10 puntos.

Valorarase 0,012 puntos por cada hora de formación.

b.3) FORMACIÓN ESPECÍFICA en plataforma de tramitación de expedientes electrónicos (TEDeC) da Deputación da Coruña:

Puntuación máxima a acadar: 5 puntos.

Formación sobre a tramitación electrónica de expedientes na Plataforma de Tramitación de Expedientes Electrónicos (TEDeC) da Deputación provincial da Coruña: 0,25 puntos por hora de curso.

b.4) FORMACIÓN ESPECÍFICA EN MEDIDAS PARA PREVENCIÓN DO FRAUDE E A CORRUPCIÓN NA ADMINISTRACIÓN LOCAL (Premadecor) da Deputación da Coruña.

Puntuación máxima a acadar: 5 puntos.

Valorarase 1 punto por cada hora de xornada formativa ou curso realizado.

b.5) FORMACIÓN ESPECÍFICA EN CONCELLO DIXITAL da Deputación da Coruña.

Puntuación máxima a acadar: 2,5 puntos.

Puntuaranse: 0,50 puntos por hora de curso.

b.6) FORMACIÓN OFIMÁTICA: *Pola realización de cursos de informática relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto.*

Puntuación máxima a acadar: 2,5 puntos.

Valorarase 0,03 puntos por hora de curso.

O Tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas á aspirante nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, durante un prazo de 5 días hábiles para posibilitar a presentación de alegacións/reclamacións da aspirante. Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as posibles alegacións e no caso de non existir, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas na fase de concurso proseguindo o proceso, sen prexuízo dos recursos que procedan a criterio e mellor defensa dos intereses da aspirante.

A puntuación final da aspirante virá dada pola suma total da puntuación dos diferentes apartados.

O tribunal fixa como criterios de valoración os seguintes:

- Só se puntuarán aqueles méritos necesarios para chegar ao máximo de puntuación que se poida obter segundo as bases da convocatoria.
- Os criterios particulares que adopte en relación aos méritos achegados polas persoas aspirantes incluíranse no apartado de OBSERVACIÓNS de cada relación individualizada.

MARÍA CRUZ FERREIRO SANÍN							
A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (máx. 60 puntos)							
Servizos prestados (ver bases específicas)	Administración ou empresa	Posto de traballo	N.º días traballados	N.º de meses	Puntos por mes	Puntos	Observacións
a.1)	Concello de Boqueixón	AEDL	5872	195	0,35	68.25	Excede da puntuación máxima
a.2)					0,20		
a.3)					0,25		
a.4)					0,15		
a.5)					0,10		
a.6)					0,05		
TOTAL PUNTUACIÓN APARTADO A:						60	
B. FORMACIÓN: (máx. 40 puntos)							
B.1) Formación Universitaria (máx. 15 puntos)							
Entidade formadora:	Denominación do curso:			N.º horas:	Observacións		
Universidad Europea Miguel de Cervantes	Especialización como axente de desenvolvemento e emprego local. Retos e oportunidades de futuro			250			
UNED	Experto universitario Administración local. Xestión municipal e administración electrónica			750			
Universidad Europea Miguel de Cervantes	Técnico especialista en Recursos Humanos			450			
N.º horas totais:				1450			
25 horas equivalen a 1 ECT/25 ECT: 7,5 puntos				58 créditos			
PUNTUACIÓN TOTAL APARTADO B.1):						15	
B.2) Formación relacionada e transversal: (máx. 10 puntos)							
Entidade formadora:	Denominación do curso:			N.º horas:	Observacións		
Junta de Andalucía. Instituto de Planificación y Gestión Integral.	Axente local de desenvolvemento turístico sostible			225			
Deputación da Coruña	Novo regulamento de subvencións			20			
Egape e Fegamp	Preparación de actuacións e proxectos a financiar por distintas administracións en especial con fondos comunitarios			10			
Junta de Andalucía. Instituto de Planificación y Gestión Integral	Estratexia europea de desenvolvemento sostible			300			
Deputación da Coruña	Xustificación das subvencións provinciais: aspectos prácticos e obrigas contables			4			
Deputación da Coruña	Elaboración de documentos administrativos			21			
Fegamp	Axente de igualdade de oportunidades			75			
Xunta de Galicia	Contratación laboral			75			
Deputación da Coruña	Desenvolvemento local e emprego			50			
Deputación da Coruña	Básico de prevención de riscos laborais			50			
Deputación da Coruña	Mercadotecnia e plan de negocio de microempresa			40			
n.º horas totais:				870			
Valorase 0,012 puntos por hora de formación				10.44			
PUNTUACIÓN TOTAL APARTADO B.2):						10	Excede da puntuación máxima
B.3) Formación específica TEDeC: (máx. 5 puntos)							
entidade formadora:	denominación do curso:			n.º horas:	observacións		
Deputación da Coruña	TEDeC Subvencións			8			
Deputación da Coruña	Plataforma de interoperabilidade entre administracións. Pasaxe			4			
Deputación da Coruña	TEDeC Tramitación. Avanzado			8			
Deputación da Coruña	TEDeC Tramitación			8			
n.º horas totais:				28			
valorase 0,25 puntos por hora de formación:				7			
PUNTUACIÓN TOTAL APARTADO B.3):						5	Excede da puntuación máxima



B.4) Formación específica en medidas prevención fraude e corrupción (Premadecor): (máx. 5 puntos)			
entidade formadora:	denominación do curso:	n.º horas:	observacións
Deputación da Coruña	Medidas para previr a fraude e a corrupción da administración local. O Plan PREMADECOR da Deputación provincial da Coruña	5	
n.º horas totais:			
Valorase 1 punto por hora de xornada formativa/ curso			
Puntuación total apartado B.4):		5	
B.5) Formación específica Concello Dixital: (máx. 2,5 puntos)			
Entidade formadora:	Denominación do curso:	N.º horas:	Observacións
Deputación da Coruña	Sede electrónica. Proxecto concello dixital	2	
Deputación da Coruña	Novas funcionalidades implantadas recentemente na plataforma TEDeC. Proxecto concello dixital	2	
Deputación da Coruña	Tramitación agrupada. Proxecto concello dixital	1	
n.º horas totais:		5	
Valorase 0,50 puntos por hora de formación			
Puntuación total apartado B.5):		2.5	
B.6) Formación en ofimática (máx. 2,5 puntos)			
entidade formadora:	denominación do curso:	n.º horas:	observacións
Xunta de Galicia	Ofimática	134	
Deputación da Coruña	Adobe Photoshop CS2	20	
Deputación da Coruña	Microsoft Office: Word e Excel	50	
Deputación da Coruña	LibreOffice	80	
Egap	Uso avanzado de aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)	50	
n.º horas totais:		334	
Valorase 0,03 puntos por hora de formación		10,02	Excede da puntuación máxima
Puntuación total apartado B.6):		2.5	
TOTAL Puntuación B.1+ B.2+ B.3+ B.4+ B.5+ B.6:		40	
Puntuación total (A+B)		100	

Baremada a documentación presentada, de acordo cos criterios fixados polo Tribunal, e o especificado na base sexta e a documentación presentada pola opositora admitida no proceso, o Tribunal acorda:

PRIMEIRO. Facer público o resultado da baremación dos méritos correspondente á fase de concurso, por medio de exposición do correspondente anuncio no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web, e que queda como segue:

MARÍA CRUZ FERREIRO SANÍN	
A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (máx. 60 puntos)	60
B. FORMACIÓN: (máx. 40 puntos)	
B.1) FORMACIÓN UNIVERSITARIA (máx. 15 puntos)	
puntuación total apartado B.1):	15
B.2) FORMACIÓN RELACIONADA E TRANSVERSAL: (máx. 10 puntos)	
puntuación total apartado B.2):	10
B.3) FORMACIÓN ESPECÍFICA TEDeC: (máx.5 puntos)	
puntuación total apartado B.3):	5
B.4) FORMACIÓN ESPECÍFICA EN MEDIDAS PREVENCIÓN FRAUDE E CORRUPCIÓN (PREMADECOR): (máx. 5 puntos)	
puntuación total apartado B.4):	5
B.5) FORMACIÓN ESPECÍFICA CONCELLO DIXITAL: (máx. 2,5 puntos)	
puntuación total apartado B.5):	2.5
B.6) FORMACIÓN EN OFIMÁTICA (máx. 2,5 puntos)	

puntuación total apartado B.6):	2.5
TOTAL PUNTUACIÓN [B.1+ B.2+ B.3+ B.4+ B.5+ B.6]:	
TOTAL PUNTUACIÓN [A+ B]:	100

SEGUNDO. Outorgar un prazo para presentación de alegacións ou reclamacións contra a puntuación outorgada na fase de concurso de **cinco (5) días hábiles** a computar dende o seguinte ao da publicación das puntuacións obtidas na fase de concurso. Aquelas poderán presentarse en calquera dos rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

TERCEIRO. De non formularse alegacións ou reclamacións e á vista do proceso selectivo o tribunal eleva á Alcaldía proposta de contratación como persoal laboral fixo para ocupar a praza (1) convocada a:

Aspirante	DNI
MARÍA CRUZ FERREIRO SANÍN	*****904*

A proposta efectúase por ser a aspirante que obtivo mellor puntuación no proceso selectivo.

E sen máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto do que se estende esta acta que asinan os asistentes

Dalmiro Núñez Méndez, presidente do Tribunal

Adela Lamela Arteaga, pecretaria do Tribunal

María Elena Méndez Buela, vocal 1ª

María Paz Gutiérrez Abella, vocal 2ª

Nieves González Mujico, vocal 3ª